



## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 15 de novembro de 2017**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 15/11/2017
- II. Asistentes á CGIC do 15/11/2017
- III. Axenda Básica do Sistema de Garantía Interno de Calidade correspondente ao curso 2017-18
- IV. R3-DO0102P3 Informes finais de revisión interna
  - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Conforme B
  - Grao en Enxeñaría da Enerxía: Conforme B
  - Mestrado en Xeoinformática: Conforme C, para a UVigo
- V. R3-DO0201P1 Informe de coordinación relativo ao curso 2016-17
  - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - Mestrado en Xeoinformática
- VI. R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro relativo ao curso 2017-2018
- VII. R1-DO0301P1 Plan operativo de xestión pública
- VIII. R3-MC02 Informe QSP Periódico
- IX. Informes de Inserción Laboral correspondentes ao curso 2016-2017
- X. Informe de Prácticas Externas corresponde ao curso 2016-2017
- XI. Solicitude de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Constitución da nova Comisión de Calidade da ETSE de Minas**

Procédese á constitución da nova CGIG formada polos seguintes membros:

<b>Presidenta da comisión:</b>	Directora da Escola	Natalia Caparrini Marín
<b>Secretaria da comisión:</b>	Coordinadora de calidade	Ángeles Saavedra González
<b>Coordinador/a Graos</b>	Grado EE	David Patiño Vilas
	Grado ERME	María Aratijo Fernández
<b>Coordinador/a Mestrados</b>	Mestrado EM	Elena Alonso Prieto
	Mestrado XI	Higinio González Jorge
<b>Enlace de Igualdade:</b>		Teresa Rivas Brea
<b>Representante do PDI:</b>		Elena González Rodríguez
<b>Representante do Alumnado</b>		Miguel Millara Crispín
<b>Representante dos Egresados:</b>		Luisa Álvarez Zaragoza
<b>Representante da Sociedade:</b>		Diego López González
<b>Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue:</b>		M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez
<b>Representante da UTC:</b>		Raquel Gandón Chapela

A Comisión agradece ao alumno Marcos González Bello os seus servizos prestados.

## 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2017.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:


<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

## 3. Informe da Coordinadora.

- O profesorado pode consultar na Secretaría Virtual da UVigo as Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do curso 2016-17. O prazo de reclamacións rematou o 24 de outubro.
- O profesorado participante na I Convocatoria Quinquenal pode consultar na Secretaría Virtual da UVigo a puntuación provisional acadada no Programa da Avaliación da Actividade Docente do profesorado, DOCENTIA. O prazo de reclamacións remata o 16 de novembro.

- O 6 de outubro os coordinadores de calidade da UVigo foron convocados a unha reunión onde se nos informou do seguinte:
  - Nova RTP: As funcións administrativas relativas á calidade dos centros estará xestionada por o Xefe da Area de Apoio á Investigación e Transferencia e á Xestión de Centros e Departamentos (Ignacio Arce Aramendi), a quen lle corresponderá xestionar datos e documentos. As funcións académicas estarán xestionadas por a coordinadora de calidade e os coordinadores de títulos, a quen lles corresponderá facer análises e redactar informes.
  - No mes de novembro entrará en funcionamento una nova aplicación de xestión do SGC á cal se accederá desde a Secretaría Virtual. Terán acceso a ela os coordinadores de calidade, coordinadores de títulos e o persoal administrativo asignado a tarefas de calidade.
- Recibíronse, para os programas de acreditación, seguimento de titulacións e SGIC, os seguintes indicadores do persoal de apoio:

## Participación PAS en plan de formación



PAS. Número e distribución por categoría:

PAS por TITULACIÓN	Básicas	Medias	Universitarias	Total general			
2016	1.00	4.17	7.33	12.50			
PAS por ANTIGÜEDAD	Hasta 5 años	6 a 10 años	11 a 15 años	16 a 20 años	21 a 25 años	Más de 25 años	Total general
2016	1.67		3.33	2.00	3.50	2.00	12.50
PAS por TIPO	Funcionario		Total Funcionario	Laboral		Total Laboral	Total general
	Fijo	Contratado		Fijo	Contratado		
2016	4.67	2.50	7.17	4.33	1.00	5.33	12.50

PAS por CATEGORÍA	A o 1	C1 o 3	C2 o 4	Total general			
2016	0.33	5.50	6.67	12.50			
PAS por SEXO	H	M	Total general				
2016	5.00	7.50	12.50				

- Recibíronse os resultados de participación e de satisfacción nas enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coas titulacións, do curso 2016/17:

### Participación e satisfacción do profesorado:

Plan (COD+DESC)	% Participación por plan	Valoración MEDIA Global por cuestión e por Centro
V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía	60.61	3.16
V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	66.67	3.55
V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	84.38	3.69
V09M151V01 Máster Universitario en Xeoinformática	63.64	4.05
<b>Totais e MEDIAS por Centro</b>	<b>68.83</b>	<b>3.61</b>

### Participación e satisfacción do alumnado:

TITULACIÓN. Plan (COD+DESC)	% Participación por plan	% Participación por plan curso anterior	Valoración MEDIA Global por cuestión e por Centro
V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía	41.49	53.57	2.89
V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	25.37	41.82	2.93
V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	39.53	56.67	2.95
V09M151V01 Máster Universitario en Xeoinformática	14.29	33.33	2.96
<b>Totais e MEDIAS por Centro</b>	<b>34.40</b>	<b>49.17</b>	<b>3.10</b>

- Foron concretados e consensados coa ACSUG os criterios e procedementos para o arranque do Programa institucional de Seguimento das Titulacións para este curso 2017/18 (curso a avaliar: 2016/17). Deixan de elaborarse seguimentos internos de títulos e os seguimentos da ACSUG serán en titulacións puntuais.

No que atinxe á Escola:

- Todos os títulos deberán elaborar o Informe de Revisión pola Dirección (ata o 31 de xaneiro de 2018)
- O Mestrado en Enxeñaría de Minas seguirá proceso de acreditación (xuño-xullo de 2018)

#### **4. Aprobación, se procede, da Axenda Básica do Sistema de Garantía Interno de Calidade correspondente ao curso 2017-18.**

Como cada comezo de curso, a Área de Calidade da UVigo enviou a Axenda Básica (Anexo III) para o desenvolvemento de programas de calidade de centros e titulacións. Esta axenda recolle a listaxe dos procedementos e rexistros a tratar pola CGIC así como unha temporalización dos mesmos.

A Comisión aproba por asentimento a axenda básica do sistema de garantía interno de calidade correspondente ao curso 2017-18

#### **5. Ratificación, se procede, do rexistro R3-DO0102P3 Informes finais de revisión interna.**

Tras a reclamación aos informes provisionais de seguimento, aprobada en CGIC do 28 de xullo e enviada á Área de Calidade da UVigo, achegáronsenos os Informes finais de avaliación interna dos Informes de Seguimento das titulacións do Centro, do curso 2015/16 (Anexo IV). Todas os puntos incluídos na reclamación presentada foron atendidos polo que as puntuacións finais outorgadas nos informes son as seguintes:

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Conforme B
- Grao en Enxeñaría da Enerxía: Conforme B
- Mestrado en Xeoinformática: Conforme C, para a UVigo

A Comisión ratifica o rexistro R3-DO0102P3 Informes finais de revisión interna.

#### **6. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201P1 Informe de coordinación relativo ao curso 2016-17.**

A presidenta presenta o Informe de coordinación do curso 2016-17 das titulacións (Anexo V):

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Mestrado en Xeoinformática.

Os informes son resultado do traballo conxunto dos coordinadores dos títulos, os coordinadores de curso e os profesores-titores que participan no Plan de Acción Titorial. A información recollida por parte dos coordinadores e titores é plasmada no informe de coordinación permitindo así a reflexión e valoración do desenrolo das actividades docentes e de organización. Froito desta reflexión xorden os resultados, análises e propostas de mellora incluídos no informe.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R3-DO0201P1 Informe de coordinación relativo ao curso 2016-17 dos tres títulos sinalados.

**7. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro relativo ao curso 2017-2018.**

O plan de promoción do centro foi aprobado en Comisión de Calidade o 20 de xuño de 2017. Introdúcense agora actualizacións nas actividades previstas para o curso 2017-18 (Anexo VI).

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro relativo ao curso 2017-2018.

**8. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0301P1 Plan operativo de xestión pública.**

Tras a renovación da web da Escola faise necesaria a elaboración dun novo plan operativo de xestión pública (Anexo VII). Neste documento detállanse os principais canles de difusión e acceso á información ao centro e as titulacións adscritas.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R1-DO0301P1 Plan operativo de xestión pública.

**9. Aprobación, se procede, do rexistro R3-MC02 Informe QSP Periódico.**

Enviouse por correo electrónico previamente á celebración desta CGIC (Anexo VIII). O referido documento recolle as queixas, suxestións e parabéns recibidas durante o curso 2016-17. Analízase o documento e a valoración que se fai é positiva xa que indica que o alumnado coñece os canles de QSP e que son atendidas, a maior parte de elas, dentro dos prazos establecidos.

A presidenta Presenta así mesmo o informe provisional de QSP relativo ao curso 2017-18 para á súa valoración por parte dos membros da comisión.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R3-MC02 Informe QSP Periódico

**10. Aprobación, se procede, dos Informes de Inserción Laboral correspondentes ao curso 2016-2017.**

Enviáronse por correo electrónico previamente á celebración desta CGIC (Anexo IX). Estes informes non constitúen un rexistro da Axenda de Calidade, pero serán incluídos no Informe de Revisión pola Dirección que debe ser elaborado no mes de xaneiro. Destaca a baixa resposta dos egresados dos graos xa que están en torno ao 40% en ambos casos. Por esta razón os datos considéranse provisionais e íranse completando a medida que se reciban mais respostas.

Coméntase que gran parte dos egresados de grao que contestaron encóntranse actualmente cursando estudos de mestrado, mentres que mais da metade dos egresados de mestrado atópanse actualmente traballando. D. Diego López González engade que as saídas profesionais dos titulados da escola son claramente mellores que outras titulacións, polo que sería interesante preparar unha nota de prensa para poñer este aspecto en valor.

A Comisión aproba por asentimento os Informes de Inserción Laboral correspondentes ao curso 2016-2017.

## **11. Aprobación, se procede do Informe de Prácticas Externas corresponde ao curso 2016-2017.**

Enviouse por correo electrónico previamente á celebración desta CGIC (Anexo X). Este informe non constitúe un rexistro da Axenda de Calidade, pero será incluído no Informe de Revisión pola Dirección que debe ser elaborado no mes de xaneiro.

O referido informe inclúe o listado de prácticas externas tanto curriculares como extracurriculares. A comisión destaca a gran variedade de empresas nas que os alumnos fan as prácticas. D. Diego López González sinala que poderíase comparar este aspecto con outras enxeñarías e preparar outra nota de prensa.

A Comisión aproba por asentimento o Informe de Prácticas Externas corresponde ao curso 2016-2017.

## **12. Aprobación, se procede, da solicitude de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.**

A Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, programa Fides-Audit, foi outorgada pola ACSUG o 7 de outubro de 2014 e tiña que ser revisada no 2017. Por este motivo preparouse unha solicitude de renovación da CISGC (Anexo XI). Esta solicitude foi elaborada conxuntamente coa Área de Calidade da UVigo, con quen está consensuada.

A comisión comenta algúns dos apartados incluídos no documento e finalmente aproba por asentimento a solicitude de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

## **13. Rogos e Preguntas.**

D. Diego López González sinala que o Duvi debería priorizar, nas súas publicacións, o centros con menor número de matrícula para facelos mais visibles. Pregunta así mesmo se se coñece o criterio a seguir polo Duvi na súa selección de novas e canto tardan en publicalas.

A presidenta contéstalle que, de forma reiterada, mandáronse ao Duvi novas relacionadas coa escola e que non foron publicadas por ser consideradas de baixo interese.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a quince de novembro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González





## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 15/11/2017



Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión ORDINARIA que terá lugar o día 15 de novembro de 2017 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

## ORDE DO DÍA:

1. Constitución da nova Comisión de Calidade da ETSE de Minas.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2017(\*).
3. Informe da Coordinadora.
4. Aprobación, se procede, da Axenda Básica do Sistema de Garantía Interno de Calidade correspondente ao curso 2017-18.
5. Ratificación, se procede, do rexistro R3-DO0102P3 Informes finais de revisión interna.
6. Aprobación, se procede, do rexistro R3-DO0201P1 Informe de coordinación relativo ao curso 2016-17.
7. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro relativo ao curso 2017-2018.
8. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0301P1 Plan operativo de xestión pública.
9. Aprobación, se procede, do rexistro R3-MC02 Informe QSP Periódico
10. Aprobación, se procede, dos Informes de Inserción Laboral correspondentes ao curso 2016-2017.
11. Aprobación, se procede do informe de Prácticas Externas corresponde ao curso 2016-2017
12. Aprobación, se procede, da solicitude de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.
13. Rogos e Preguntas.



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 15/11/2017.



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 15 de novembro de 2017</b>	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Diego López González	Representante da Sociedade
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Miguel Millara Crispín	Representante do Alumnado de Máster
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Teresa Rivas Brea	Igualdade



## **ANEXO III**

Axenda Básica do Sistema de Garantía Interno de Calidade correspondente ao curso  
2017-18



## **ANEXO IV**

R3-DO0102P3 Informes finais de revisión interna.

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: Conforme B
  - Grao en Enxeñaría da Enerxía: Conforme B
- Mestrado en Xeoinformática: Conforme C, para a UVigo



## **ANEXO V**

R3-DO0201P1 Informe de coordinación relativo ao curso 2016-17.

Informe de coordinación do curso 2016-17 das titulacións:

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
  - Grao en Enxeñaría da Enerxía
  - Mestrado en Xeoinformática



## **ANEXO VI**

R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro relativo ao curso 2017-2018





## **ANEXO VII**

R1-DO0301P1 Plan operativo de xestión pública



## **ANEXO VIII**

R3-MC02 Informe QSP Periódico



## **ANEXO IX**

Informes de Inserción Laboral correspondentes ao curso 2016-2017



## **ANEXO X**

Informe de Prácticas Externas corresponde ao curso 2016-2017



## **ANEXO XI**

Solicitud de renovación da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de  
Calidade